

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 06/10/1953

Colección:

Data: 06/10/1953

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixes:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Domingo García-Sabell; Carlos Maside;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 06/10/1953

Compostela, 6-X-1953

Meu querido Luis:

O noso común amigo Domingo tróuxome, ademáis de moitas noticias da túa vida ahí, un fermoso grabado teu con unha garimosa adicatoria. Non sabes canto cho agradecín. Eu conocía ise grabado porque fora reproducido nun número extraordinario de Galicia. Encarregueille a Domingo que me conquirerira un exemplar dese número de Galicia. Xa te podes maxinar a miña sorpresa –e tamén a miña emoción– cando, en lugar da revista, entregoume o grabado. Ise grabado teu e mais outro que me regalou o Maside fanme compañía permanente na biblioteca, que é o meu lugar de traballo.

Xa sei que vas a facer un gran mural e tamén que istes días estás facendo unha exposición. ¡Canto me gustaría podela visitar! A derradeira vez que víñ pintura foi na que fixo eiquí o Maside fai uns meses, que foi verdadeiramente espléndida.

Na revista Lar de ahí saíu un traballiño meu adicado ó teu libro Fardel de eisilado. O malo é que ten erratas dabondo.

Bueno, querido Luis, recibe o meu agradecemento pol-o grabado e unha aperta moi forte do teu bó amigo.

Ramón Piñeiro

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.